

DECLARACIÓN

COMITÉ NACIONAL CONSTITUINTE

19 de xaneiro de 2022



En SANTIAGO, o día 19 de xaneiro de 2022, celebrouse o Comité Nacional Constituínte de UGT-Servizos Públicos que, tras analizar a situación actual, o orzamento da CEN para 2022, a negociación nos distintos sectores e o desenvolvemento das eleccións sindicais, aprobou por maioría a seguinte resolución:

I.- UNHA RECUPERACIÓN ECONÓMICA QUE NON DEIXE A NINGUÉN ATRÁS REFORZAR OS SERVIZOS PÚBLICOS

O 2021 deixounos hai uns días. Acabou outro ano marcado pola pandemia mundial pero que, no noso país, albiscou tamén un balance frutífero de logros sociais e sindicais que debemos lembrar, difundir e poñer en valor, polo destacado papel que tivo o noso sindicato, especialmente o acordo das pensións e o da reforma laboral.

O primeiro deles, foi un acordo histórico porque é o primeiro na historia que non rebaixa contías, nin alonga o período de cotización ou a idade de xubilación. No caso da reforma laboral, tamén por primeira vez en décadas acométese unha modificación profunda do mercado laboral non a favor das pretensións da empresa senón da clase traballadora.

2022 déixanos abertos retos importantes. Indubidablemente, o reto sanitario continúa sendo o máis relevante e deberá seguir rexendo as actuacións de calquera goberno nacional ou internacional. Pero a crise sanitaria non veu soa, trouxo aparellada unha crise socioeconómica que provocou un aumento da desigualdade e a pobreza en todo o mundo. O 10% da poboación máis rica concentra xa o 52% das rendas e o 76% da riqueza do planeta, mentres que o 50% máis pobre só capta o 8% dos ingresos e o 2% do patrimonio. Por iso, aumentar a vacinación, a loita contra as desigualdades, a transición ecolóxica xusta, a cooperación para o desenvolvemento e a xestión adecuada dos fondos europeos, priorizando ás persoas máis vulnerables, deben ser eixos para unha recuperación económica e social que debe chegar a todos e todas.

En 2022 temos retos relevantes como o incremento dos salarios é do Salario Mínimo Interprofesional (SMI) até os 1.000 euros en xaneiro e que alcance, en 2.023, o 60% do salario medio do noso país. Sindicalmente, debemos prestar especial atención á situación dos salarios, e que nos centremos na súa valorización.

Pero temos un reto esencial, avanzar nunha recuperación económica que non deixe a ninguén atrás, defendendo unha saída xusta desta crise cara a unha sociedade máis igualitaria, polo que nos plans e os esforzos cos fondos da UE, é imprescindible contemplar o reforzamento dos servizos públicos que son dereitos de cidadanía.

E nese contexto, temos o reto de que as leis estatais e galegas en materia de simplificación administrativa e adaptación das administracións públicas, para a reactivación económica, non menoscaben e respecten dereitos laborais e o dereito a negociación colectiva das e dos empregados públicos.

II.- A NEGOCIACIÓN COLECTIVA NAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS: XESTIONAR O PRESENTE PARA DEBUXAR E ANTICIPAR O FUTURO

Continuamos sendo parte da solución ao problema da temporalidade.

A complexa situación derivada da tramitación parlamentaria do Acordo de 5/07/2021 e o RDL 14/2021, lévanos a adoptar unha estratexia en, polo menos catro, direccións:

- Esixir o rigoroso cumprimento do artigo 10 e Disposición adicional 17ª do EBEP (achega de UGT Servizos Públicos ao Acordo) que impida volva xerar irregularidades.
- Negociar nos ámbitos do persoal estatutario e docente, de xustiza, e da administración local e autonómica, a súa aplicación desde a seguridade xurídica que nos caracteriza, medidas para evitar a rexeneración dunha taxa de temporalidade como a actual.
- Garantir o principio de igualdade de oportunidades nos procesos de estabilización a desenvolver, con independencia do mecanismo para empregar segundo os criterios ditados pola propia a lei (concurso-oposición; concurso de méritos).
- Coordinar de maneira homoxénea, integrada e consensuada, as nosas formulacións, participación e información.
- Garantir os procesos de promoción interna e mobilidade voluntaria nos termos que a lexislación establece.

Desenvolver o compromiso coa negociación e o Diálogo Social previsto no Acordo do 5 de xullo de 2021.

O Acordo do 5 de xullo, ademais de tratar o tema da temporalidade, inclúe un apartado denominado "Compromiso coa negociación colectiva e o Diálogo Social" co obxectivo de negociar unha serie de materias que redunden na mellora das condicións de traballo do conxunto das empregadas e empregados públicos: Carreira e promoción profesional, xubilación parcial, clasificación profesional superando a transitoriedade actual, dixitalización, xornada, etc.

É por iso que, a comezos de 2022, esixiremos a convocatoria da Comisión de Seguimento do Acordo e a fixación dun calendario de negociación que permita alcanzar un acordo xeral ou sobre materias concretas que, desde un positivismo innovador, mellore a situación socioeconómica e profesional das empregadas e empregados públicos.

Neste sentido, impulsaremos os desenvolvementos e cambios normativos que resulten precisos: EBEP, Estatuto Marco, LOMLOE, Lei Contratos do Sector Público, Estatuto dos Traballadores, Estatuto do persoal docente e investigador, o Estatuto de función pública da AGE, etc.

A nivel de Xunta de Galicia esixiremos o cumprimento e restitución do acordo de carreira, que representaba incrementos adicionais sobre os básicos estatais, suspendido na administración xeral e en Xustiza pola actuación irresponsable de boicot da central nacionalista que non apoiou a extensión do dereito o persoal interino e temporal acordada

en Comisión de persoal e coa súa acción temeraria pediu e se lle concedeu a anulación do acordo que xenerou o dereito do persoal fixo.

A necesaria mellora das condicións laborais e retributivas das e dos empregados públicos require dar continuidade o Acordo estatal 2018-2021, como se apuntaba no Acordo do 5 de xullo de 2020, e o Acordo de concertación coa Xunta e a Acordos reguladores e Convenios nas administracións locais.

Evitar actuacións das Administracións tendentes a desvirtuar a Negociación Colectiva: Os sindicatos temos o aval constitucional!

Para iso, o Comité considera que se debe incidir nas seguintes medidas:

- Potenciar as Mesas comúns, blindando e vinculando os desenvolvementos en ámbitos inferiores, propiciando acordos para ordenar a negociación colectiva en cada territorio e sector.
- Determinar a lexitimidade sindical para estar presente nas distintas mesas, impedindo a presenza de quen non a ostenta.
- Promover, no ámbito local, a negociación supramunicipal. Non chega con que o órgano de goberno da FEGAMP estimase unha reivindicación histórica de constituír un Foro de diálogo ,ten que formalizarse sin dilación e comezar os traballos para sobre criterios comúns e dar soporte os múltiples concellos que non teñen Convenios nin Acordos reguladores.
- Impedir que se conceda protagonismo negociador a plataformas, foros, colexios profesionais, etc., que non teñen o referendo constitucional e legal dos sindicatos.
- Actualizar os Acordos de dereitos sindicais e renovar os Acordos de ordenación de procesos electorais, nomeadamente unidades electorais e calendarios.

III.- A NEGOCIACIÓN COLECTIVA NOS SECTORES PÚBLICOS DE XESTIÓN PRIVADA: MÁIS E MELLOR EMPREGO, RECUPERACIÓN DE DEREITOS, MELLORAS SALARIAIS.

Aumentar a nosa presenza, coordinando e perfeccionado todos os ámbitos sectoriais.

O Comité determina que é necesaria unha acción sindical global e coordinada, que impulse o papel de UGT-Servizos Públicos incidindo, non só na tutela dos intereses das empregadas e empregados públicos, senón tamén nas políticas públicas e os modelos para adoptar nos Servizos Públicos, a través, das seguintes medidas:

- Priorizando a dimensión reguladora e protectora do Convenio fronte á individualización das relacións laborais.

- Potenciar o sindicalismo de clase fronte a corporativos que fragmentan as relacións laborais.
- Socializando a contratación pública, mediante cláusulas sociais que impidan ofertas á baixa.
- Facendo visible a negociación colectiva rendibilizando os esforzos realizados.

Negociar a pesar da ausencia dun novo AENC (máis salario + máis emprego + máis dereitos).

Debemos continuar co desenvolvemento das tres liñas que seguen guiando a nosa acción sindical na consecución de obxectivos: recuperar a negociación colectiva e o papel protagonista do sindicato para recuperar o arrebatado, propiciando a mellora das condicións de traballo e do poder adquisitivo, sendo a recuperación salarial e a estabilidade no emprego, dous dos obxectivos principais. A iso debemos sumar a permeabilidade nas mesas de negociación doutro obxectivo principal, a Igualdade, para que se comece a concretar en contidos de convenio tanxibles.

Á súa vez, hai outros elementos como o rexistro de xornada, prevención de riscos e medio ambiente, a desconexión dixital, absorción e compensación de retribucións, protección de datos, etc., que incrementan as materias para considerar na negociación.

IV.- XORNADAS DE NEGOCIACIÓN COLECTIVA: ORIENTAR PARA CONTINUAR AVANZANDO

O Comité Nacional valora as conclusións das xornadas de negociación colectiva (achéganse en documento aparte) nas que se analizaron e debatiron as estratexias, criterios e formulacións a trasladar nas mesas de negociación no conxunto dos Servizos Públicos para o ano 2022. Unhas xornadas que, sen dúbida, van servir para reforzar a nosa posición, partindo de, polo menos, dous criterios esenciais:

- Un convenio, pacto ou acordo non é algo abstracto propio de cada sector, é unha peza esencial no conxunto da acción sindical da Federación.
- A necesidade dunha acción sindical global e coordinada que integre as iniciativas, boas prácticas, etc., do conxunto da Federación.

As xornadas incidiron especificamente no incremento descontrolado dos prezos (IPC) e a súa repercusión nas táboas salariais pactadas, cuestión a considerar nas negociacións de 2022, para incorporar medidas que garantan o poder adquisitivo dos salarios.

V.- REPRESENTATIVIDADE, AFILIACIÓN: CONTINUAR MEDRANDO!

Debemos incorporar o traballo afiliativo como tarefa prioritaria a todas as estruturas e actividades do sindicato para consolidar o incremento neto rexistrado os últimos meses.

Xunto cunha especial atención á depuración e comprobación das bases de datos, garantindo o correcto encadramento de todas as persoas afiliadas nos seus centros de traballo, comprobando os traslados, atendendo os problemas de xestión das cotas, e vixiando as situacións relacionadas cos colectivos fronteirizos para conseguir unha correcta adscrición sectorial.

En canto a eleccións sindicais, o Comité insta a un esforzo adicional (tomando as decisións necesarias, achegando os medios e recursos oportunos) para seguir avanzando en representatividade e mellorando resultados, para resaltar o noso protagonismo no debate social e político.

Nesta materia, o Comité aproba o Plan de acción da área interna 2022-2025 que contempla os obxectivos do cuadrenio en materia electoral e afiliativa, e no que se inclúen os obxectivos específicos do proceso de concentración electoral 2022-2023. A afiliación e as eleccións son a maneira de medirmos con outras forzas sindicais, pero non só iso, xa que a nosa razón de ser como sindicato radica na posibilidade de defender, o máis eficazmente posible, os intereses dos traballadores e traballadoras fronte aos empresarios e as administracións.

VI.- UNS ORZAMENTOS NACIONAIS 2022: TRANSPARENCIA, RIGOR E RESPONSABILIDADE.

O Comité Nacional foi informado das previsións económicas da Federación para o próximo ano e dos Orzamentos para 2022, que, tras a oportuna análise e debate, resultan aprobados. O Comité constatou a favorable recuperación económica en base a unha mellor racionalización do gasto.

VII.- DESENVOLVEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DO 1º CONGRESO NACIONAL.

Coa finalidade de continuar perfilando e perfeccionando a estrutura sectorial da Federación, o Comité Nacional aprobou a constitución dos Sindicatos, designando aos responsables e coordinadores dos mesmos.